

Adeus ao 'xograr da gravidade'

Mario Outeiro

Escribo o artigo consternado polo pasamento do amigo Isidro Novo. O seu grande corazón fallaba irreversibelmente na mañanciña de onte levándonos ao 'xograr da gravidade', como o definía o escritor e investigador ovetense, José Luis Calvo. Este autor describía a Isidro como un «xograr moderno e que ten gravidade por esa contundencia da súa voz e esas imaxes pouco comúns» E efectivamente foi esa potente voz a que impactou a José Luis e a milleiros de persoas (entre as cales me inclúo) que ao longo destas décadas puideron escoitalo nalgún dos múltiples recitados poéticos, na radio, en calquera acto cultural ou nunha conversa entre amigos.

Marchou novo, como o seu apelido, aos 66 anos de idade e cando aínda tiña moito que dicir no mundo cultural galego. Tivo unha vida laboral ampla e diversa na cal o contacto co público foi sempre unha faceta importante. Porque Isidro foi sempre unha persoa afábel, extrovertida e activa. Cantos de nós, abusando da súa confianza e bonhomía, o metemos nalgún proxecto cultural deses que só se pagan coas grazas e pouca cousa máis? Nunca dixó que non, porque sabía que as súas achegas repercutirían positivamente na lingua e na cultura do país e iso pagáballo todo.

Na súa dilatada carreira literaria decidiu estrearse nun xénero no que Galiza destaca a nivel internacional, como é a literatura infantoxuvenil, sendo finalista no certame O barco de vapor de 1992 coa obra 'Teaza de brétema'. Pero non sería o único xénero que cultivaría, xa que nas últimas dúas décadas publicaría distintas obras de narrativa, poesía, ensaio e tradución. Os derradeiros títulos saíron do prelo no 2017 (tras catro anos sen publicar): o poemario 'CO2' e a novela 'O tabú da traslenda', na

que botaba unha mirada ao futuro do noso rural dun xeito optimista. Isidro tamén participou en distintas obras colectivas así como gañou os máis prestixiosos certames literarios da Galiza como o Modesto R. Figueiredo ou o Manuel Murguía.

Foi, se cadra, a efeméride do seu nacemento (día de San Froilán do 1951) a que lle imprimiu no seu ADN ese selo de 'lucensismo' do que sempre fixo gala en todas as súas facetas vitais. Entre estas quero destacar unha, motivo pola cal mantivemos moitos encontros nos últimos anos: a pertenza, durante a última década, ao Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Porque a súa xenerosidade levouno a implicarse, xunto co amigo Antonio Reigosa, en actividades como as Xornadas de Literatura de Tradición Oral, Polafías, Obradoiros de Narración Oral, Letra das Festas, Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, alén de ser membro fundador da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG ou coordinador do portal 'Palabras con Memoria' da web da AELG.